



**JUAN MARQUINA FUENTES**, vicesecretario xeral da Deputación Provincial de Ourense,

**CERTIFICO:** Que a Xunta de Goberno desta Deputación Provincial, adoptou, na sesión ordinaria do **12 de xaneiro de 2018**, o seguinte acordo:

**APROBACIÓN DAS BASES REGULADORAS DA CONVOCATORIA DO PREMIO DE PERIODISMO “XOSÉ AURELIO CARRACEDO”, ANO 2018**

Unha vez vistas as bases que rexen a convocatoria do premio de periodismo “Xosé Aurelio Carracedo, e de conformidade coa proposta formulada, a **Xunta de Goberno**, por unanimidade, **adopta** o seguinte **acordo**:

**1º.- Aprobar as referidas bases e convocar o premio de periodismo “Xosé Aurelio Carracedo 2018”, consonte coas seguintes cláusulas:**

**Primeira:** Poderán optar a este premio todos os profesionais ou colaboradores habituais que exerzan o seu labor en medios de comunicación escritos ou audiovisuais, en calquera das súas modalidades.

**Segunda:** Consistirá nun único premio e a dotación será de tres mil euros (3.000,00 €).

**Terceira:** As propostas para optar ao premio poderán ser, indistintamente, presentadas polos propios interesados, pola dirección do medio no que foron publicadas, por institucións, asociacións, colectivos, persoas individuais ou polo propio xurado.

**Cuarta:** Os traballos ou conxuntos de traballos –gráficos, escritos ou audiovisuais-, que participen no concurso, terán que estar publicados en medios de comunicación galegos ou deberán referirse a Galicia, entre o día 1 de xaneiro de 2017 e o día 31 de decembro do mesmo ano.

**Quinta:** O xurado do premio de periodismo “Xosé Aurelio Carracedo” estará presidido polo presidente da Deputación de Ourense ou persoa en quen delegue, e como vogais, formarán parte do xurado:

- Un representante do Colexio Profesional de Xornalistas de Galicia.
- Un representante da Federación de Asociacións de Periodistas (FAPE).
- Un representante da Facultade de Ciencias da Comunicación de Santiago de Compostela.
- Un representante da Facultade de Ciencias Sociais e Comunicación da Universidade de Vigo.



O secretario do xurado, con voz pero sen voto, será o responsable da Comunicación da Deputación de Ourense.

**Sexta:** O prazo de recepción de propostas e presentación de traballos pecharase o día 16 de marzo de 2018. Os actos de entrega coincidirán co día 3 de maio (Día internacional da liberdade de prensa).

**Sétima:** As propostas deberán ir acompañadas de seis fotocopias da páxina ou páxinas en que foron difundidas, se son publicacións impresas. No caso de traballos dixitais, seis copias de capturas de pantalla ou seis copias do texto, nos dous casos con certificado do responsable do medio facendo constar a data de publicación. Se se trata de traballos audiovisuais, presentaranse seis copias en CD, DVD ou lapis dixital, segundo os casos. Se os traballos se publicaron sen se asinar ou con pseudónimo, deberá achegarse un certificado do director do medio, no que conste a data de emisión e nome ou nomes dos autores. Independentemente da persoa ou persoas que presentan a proposta, esta deberá vir acompañada igualmente dun breve currículo vitae do autor ou autores que opten ao premio.

Os traballos remitiráselle á Deputación de Ourense, rúa Progreso, 32, baixo o epígrafe de *Premio de periodismo "Xosé Aurelio Carracedo 2018"*.

**Oitava:** A participación neste premio periodístico implica a aceptación das bases. Quedan excluídos de participar neste certame os funcionarios e o persoal laboral da Deputación Provincial de Ourense. Valorarase de xeito positivo a realización e presentación de traballos en lingua galega.

**2º.- A convocatoria deste premio publicarase no BOP e remitiráselle anuncio ao DOG.**

E para que conste, e nos termos do artigo 206 do vixente ROF, expido esta certificación en Ourense, o quince de xaneiro de dous mil dezaoto.

V. e pr.  
O PRESIDENTE,